



### CONCELLOS

#### CERVANTES

##### *Anuncio*

#### Resolución de Alcaldía.

#### AVOCACIÓN COMPETENCIAS A CAUSA DO ESTADO DE ALARMA POLA PANDEMIA DE COVID-19

**Exp: 84/2020**

Benigno Gómez Tadín, alcalde-presidente do Concello de Cervantes (Lugo)

Tendo en conta a actual situación de crise sanitaria, e considerando o establecido polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

En uso das competencias que me outorga a lexislación vixente, ó amparo do establecido no art. 10 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, pola presente,

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Avocar as competencias conferidas por esta alcaldía á Xunta de Goberno Local por Decreto de data 03/07/2019.

**Segundo.-** Esta avocación terá efectos durante o período de vixencia do Estado de alarma e as súas posibles prórrogas, quedando automaticamente revocada ao finalizar o mesmo, sen máis trámite, e producirá efectos desde o momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Darase conta do presente Decreto ó Pleno na seguinte sesión que se celebre.

Cervantes, 14 de abril de 2020.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0732

### RÁBADE

##### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **7 de abril de 2020** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de marzo de 2020**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 7 de abril de 2020. O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0733

### RIORTORTO

##### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2020, acordou aprobar os seguintes proxectos técnicos:

- "Mellora de accesos ao núcleo de Aldurfe"
- "Rede de saneamento no lugar de Vale"

- "Mellora de accesos ao núcleo de Moxueira (Cubela)"
- "Reforma e acondicionamento do centro social de Galegos"

Así mesmo, acordouse expoñer ao público os citados proxectos polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 14 de abril de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0734

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**Expediente número: A/27/22257**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Jorge Bolaño Pérez

Nombre del río o corriente: Manantial

Caudal solicitado: 0,162 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 99 del polígono 32, Fraián de Arriba

Término Municipal y Provincia: Becerreá (Lugo)

Destino: Uso doméstico sin consumo humano y uso ganadero

**BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

Arqueta de captación enterrada y conducción por tubería hasta depósito desde el que se abastecerán una vivienda y un establo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Becerreá** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 4 de febrero de 2020.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 0400